



ROGO SOBRE A SINALIZACIÓN DA OBRIGA DE CONTROLAR OS CANS AO SAIR DAS ZONAS HABILITADAS PARA O SEU ESPALLAMENTO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Ordenanza Municipal de Posesión e Custodia de Animais, vixente desde o ano 2003, sinala no seu artigo 10.1, que "con carácter xeral nas vías e espazos públicos os cans deberán ir provistos de bozo e correa ou cadea. Exceptuarase desta obriga o suposto de zonas especialmente habilitadas polo Concello para o espallamento dos cans. Non obstante o anterior, os cans potencialmente perigosos circularán sempre con bozo, mesmo nas referidas zonas."

A pesar desta obriga, debido a que nalgún lugar se anuncia de forma pouco efectiva, é frecuente observar nas áreas habilitadas para este fin (Alameda, Belvís, Restollal, Pontepereda ou Fontiñas), como as persoas propietarias dos animais cando abandonan esas zonas específicas esquecen ou demoran a colocación dos elementos de seguridade, creando unha sensación de temor e alarma entre as persoas que se atopan na proximidades.

Para evitar estas situacións, especialmente non desexadas ante a presenza de nenas e nenos que se poden atopar no mesmo espazo, preséntase o seguinte Rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se proceda a colocar sinais informativos de alta visibilidade nos que se destaque a obriga de que as persoas que acoden cos seus cans ás zonas habilitadas procedan a poñerlles os elementos de seguridade cando abandonen ese ámbito, conforme ao que dispón a normativa municipal de aplicación.

Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2017

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular